

## **Acta da Comisión de Calidade do día 10 de Septiembre de 2014**

### Asistentes:

Aneiros Pereira, Jaime  
Fernández Docampo, Belén  
Pillado Gonzalez, Esther  
Pita Grandal, Ana María  
Ramil Vázquez, Paula  
Rodríguez Domínguez, M<sup>a</sup> Mar  
Rodríguez Rodríguez, Emma

Excusan a súa asistencia: Henrique Macías Cambra y M<sup>a</sup> Antonia Arias Martínez

Da comezo a reunión sendo as 11:30 da mañá co seguinte orde do día:

**Primeiro.-** Aprobación, se procede, da actas de sesións anteriores

**Segundo.-** Informe da Decana

**Terceiro.-** Aprobación, se procede, da modificación da normativa do TFG

**Cuarto.-** Aprobación, se procede, da solicitude de acreditación das seguintes titulacións:

- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social
- Sistema Interno de Garantía de Calidade do Centro

**Quinto.-** Rolda aberta de intervencións

**Primeiro.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores**

Preséntase as actas da reunión ordinaria do 25 de Abril de 2014 e a da reunión extraordinaria do 24 de Xullo de 2014. Apróbanse as dúas actas por asentimento

**Segundo.- Informes da Decana**

A decana informa da renuncia da responsable de calidade do centro, Dña. María del Mar Rodríguez por motivos personais. O posto de responsable de calidade será ocupado polo Vicedecano Francisco Torres, e que, polo tanto, integrase na comisión en calidade de secretario.

**Terceiro.- Aprobación, se procede, da modificación da normativa do TFG**

A Decana informa que é preceptivo que todas as normativas do centro que afecten aos procedementos de calidade do centro deben ser revisadas pola comisión de calidade.

Neste caso as modificacións propostas son de carácter técnico excepto o punto 7 do artigo 13 no que recóllese que o TFG debe ser cualificado en acta unha vez que se teña constancia de que o/a estudante dispón dos créditos necesarios. A partires de aquí ábrese un pequeno debate sobre a problemática do TFG, si ben a comisión considera que non afecta á taxa de rendemento. Analízase se é necesario propoñer máis cambios na normativa sobre asignación de temas e titores. Finalmente se decide non propoñer máis cambios.

**Cuarto.- Aprobación, se procede, da solicitude de acreditación das seguintes titulacións:**

**-Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos**

**-Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social**

**- Sistema Interno de Garantía de Calidade do Centro**

Neste punto, a responsable de calidade, Dna. Mar Rodríguez explica a situación das acreditacións das titulacións do centro. Indica que é preceptivo a renovación da acreditación do master en menores en situación de desprotección e conflito social dado que xa pasaron catro anos dende a súa verificación, así como a do máster en xestión e dirección laboral si ben neste último caso a solicitude debería ser efectuada pola Universidade de Santiago de Compostela xa que é un título interuniversitario.

Por outro lado explica que é posible someterse a un proceso de acreditación voluntaria dalgunha outra titulación. Neste senso parece interesante someter a acreditación ao Grao en Relacións laborais e recursos humanos, conxuntamente coa acreditación do Sistema Interno de Garantía de Calidade xa que existe un borrador dunha nova normativa do ministerio que concedería a acreditación do centro e das súas titulacións se está acreditado só a metade dos títulos de grao e máster, conxuntamente co Sistema Interno de Garantía de Calidade.

Son aprobadas por asentimento todas as solicitudes de acreditación propostas.

**Quinto.- Rolda aberta de intervencións**

A Decana expón que levarase á Comisión de Docencia a semipresencialidade do Grao en Dereito para policía dado que estase a negociar un convenio coa Federación Nacional de Policía para impartir o grao de forma semipresencial.

O coordinador de dereito, D. Jaime Aneiros, pregunta cal é o prazo de presentación do autoinforme de seguimento. A responsable de calidade infórmalle que os autoinformes deben estar aprobados pola Xunta de Centro o día 30 de Setembro, polo que propónse como prazo interno para revisar a documentación o venres 19 de Setembro.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión ás 12:15 do día sinalado, do que dou fe como secretaria.

A Secretaria

M<sup>a</sup> del Mar Rodríguez Domínguez